

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

19958 *Real decreto 1613/2010, do 7 de decembro, polo que se crea e se regula o Consello da representatividade das asociacións profesionais de traballadores autónomos no ámbito estatal e se establece a composición e réxime de funcionamento e organización do Consello do Traballo Autónomo.*

A entrada en vigor do Estatuto do traballo autónomo, aprobado pola Lei 20/2007, do 11 de xullo, estableceu un novo punto de partida para as traballadoras e traballadores autónomos e o recoñecemento dos seus dereitos, tanto individuais coma colectivos. Non obstante, para un mellor exercicio de tales dereitos, existen determinadas cuestións que requiren de desenvolvemento regulamentario.

Acitada norma fai referencia expresa no seu título III aos dereitos colectivos das traballadoras e traballadores autónomos, e entre estes declárase expresamente o dereito a poder afiliarse e fundar asociacións profesionais específicas de traballadores autónomos.

Neste sentido, ten especial importancia a determinación da representatividade das asociacións profesionais de traballadores autónomos, xa que o Estatuto do traballo autónomo, no seu artigo 21.5, lles outorga unha capacidade para actuar relevante, ao asumiren, entre outras funcións, a representatividade institucional ante as administracións públicas e xestionar programas públicos dirixidos ás traballadoras e os traballadores autónomos.

Ben que o artigo 21 do Estatuto do traballo autónomo senta as bases do procedemento polo que se regula o recoñecemento de tal condición, existe un mandato específico para que os criterios obxectivos que deban terse en conta para a declaración da representatividade sexan desenvolvidos regulamentariamente –artigo 21.1–. O número 2 do citado precepto legal prevé que a condición de asociación representativa no ámbito estatal será declarada por un Consello, e engade que regulamentariamente se determinará a súa composición, así como as súas funcións e procedemento de funcionamento.

No capítulo I deste real decreto prevese que ao Consello da representatividade das asociacións profesionais de traballadores autónomos, composto por tres persoas con condición de persoal funcionario do Ministerio de Trabajo e Inmigración e dúas persoas expertas de recoñecido prestixio, imparciais e independentes, lle corresponde declarar a condición de asociación profesional representativa de traballadores autónomos no ámbito estatal, por un período de catro anos.

A dita declaración realizarase mediante o procedemento descrito no real decreto e de acordo cunha serie de criterios obxectivos que cómpre ter en consideración para acreditar a suficiente implantación das asociacións profesionais de traballadores autónomos, como son o número, listaxe, distribución por sectores de actividade de traballadoras e traballadores autónomos afiliados, as sedes permanentes das asociacións, convenios ou acordos de colaboración e representación institucional permanentes en materia de traballo autónomo asinados con outras asociacións profesionais de traballadores autónomos, organizacións sindicais ou empresariais, recursos humanos e materiais, actividades en distintas materias de fomento do traballo autónomo, e, de ser o caso, acordos de interese profesionais subscritos. De conformidade co establecido no artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, créase un ficheiro relativo a materias relacionadas co contido deste real decreto para os efectos do procedemento de declaración de representatividade.

Por outro lado, mediante o artigo 22 do Estatuto do traballo autónomo constitúese o Consello do Traballo Autónomo, órgano consultivo do Goberno en materia socioeconómica e profesional. Aínda que o precepto regula aspectos básicos deste, o número 6 prevé que mediante disposición regulamentaria se desenvolva a composición e réxime de funcionamento do citado órgano.

O capítulo II deste real decreto regula a súa composición. Nel están representados de forma paritaria os seguintes grupos: as asociacións profesionais de traballadores autónomos de ámbito intersectorial e estatal, as organizacións sindicais e empresariais máis representativas e as administracións públicas. Tamén formarán parte do Consello do Traballo Autónomo aquelas persoas integrantes dos consellos do traballo autónomo que puideren constituírse, de acordo co establecido no artigo 22.3 do Estatuto do traballo autónomo. Por outra parte, o Consello do Traballo Autónomo funcionará en Pleno e Comisión Permanente, así como nos grupos de traballo que poidan constituírse. En todas estas fórmulas de funcionamento opera o principio de composición equilibrada e participación dos distintos grupos representados citados máis arriba.

Este real decreto dítase facendo uso da autorización prevista na disposición derradeira terceira do Estatuto do traballo autónomo. No proceso de elaboración do proxecto foron informadas as comunidades autónomas, a través da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais. Ademais, foron consultadas as asociacións de traballadores autónomos e as organizacións empresariais e sindicais máis representativas de ámbito estatal. En virtude das competencias que lle son propias, o Consello Económico e Social e o Consello de Estado emitiron ditame preceptivo.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de decembro de 2010,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Do Consello da representatividade das asociacións profesionais de traballadores autónomos

Artigo 1. Creación, obxecto, ámbito e réxime xurídico do Consello da representatividade das asociacións profesionais de traballadores autónomos.

1. Créase o Consello da representatividade das asociacións profesionais de traballadores autónomos, de conformidade co disposto no artigo 21.2 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, como órgano colexiado que ten como fin declarar a condición de asociación representativa das asociacións profesionais de traballadores autónomos no ámbito estatal.

2. O Consello da representatividade das asociacións profesionais de traballadores autónomos adscíbese ao Ministerio de Traballo e Inmigración a través da Secretaría de Estado de Emprego. O seu réxime xurídico axustarase ás normas contidas neste real decreto e, no non disposto por el, polas disposicións do capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 2. Composición e nomeamento.

1. O Consello estará composto por cinco membros, un dos cales exercerá a Presidencia e outro a Secretaría. Tres dos integrantes deberán ter a condición de persoal funcionario do Ministerio de Traballo e Inmigración, e dúas serán persoas expertas de recoñecido prestixio, imparciais e independentes.

2. O nomeamento do persoal integrante do Consello correrá a cargo da persoa que exerza a titularidade da Secretaría de Estado de Emprego. O nomeamento dos integrantes con condición de persoal funcionario serao por proposta da persoa titular da Dirección Xeneral da Economía Social, do Traballo Autónomo e da Responsabilidade Social das Empresas. Para o nomeamento das persoas expertas de recoñecido prestixio consultarase previamente ao Consello do Traballo Autónomo regulado no capítulo II deste real decreto.

3. A persoa titular da Secretaría de Estado de Emprego designará entre as persoas integrantes do Consello as que exerzan a Presidencia e a Secretaría do Consello, por proposta da persoa titular da Dirección Xeral da Economía Social, do Traballo Autónomo e da Responsabilidade Social das Empresas. A persoa titular da Secretaría do Consello terá necesariamente a condición de persoal funcionario do Ministerio de Traballo e Inmigración con rango non inferior a titular dunha subdirección xeral.

Artigo 3. *Facultades.*

1. Corresponde ao Consello da representatividade das asociacións profesionais de traballadores autónomos declarar a condición de asociación profesional representativa de traballadores autónomos no ámbito estatal, por un período de catro anos, segundo convocatoria pública. Para o cumprimento deste fin o Consello da representatividade das asociacións profesionais de traballadores autónomos terá as seguintes facultades:

a) Ditar resolución de condición de asociación profesional representativa de traballadores autónomos no ámbito estatal, de conformidade co procedemento do artigo 7. Para iso, para os efectos de que as asociacións cumpran cos criterios obxectivos do artigo 9 e poder levar a cabo a valoración do artigo 10, o Consello examinará a documentación achegada polas asociacións profesionais concorrentes á convocatoria e valorará no seu conxunto.

b) Solicitar a través do órgano competente a documentación oportuna ás asociacións profesionais de traballadores autónomos.

c) Recadar e analizar a información dispoñible no Rexistro Estatal de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos.

d) Calquera outra que coaduxe á acreditación e declaración da condición de asociación representativa de traballadores autónomos no ámbito estatal.

2. Co fin de garantir a obxectividade no desenvolvemento das súas facultades, o Consello de representatividade está investido de autonomía técnica.

Artigo 4. *Constitución e funcionamento.*

1. O Consello da representatividade das asociacións profesionais de traballadores autónomos entenderase constituído validamente, para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e adopción de resolución, cando concorran a totalidade dos seus integrantes.

2. Á Presidencia do Consello corresponderalle:

a) Dirixir, promover e coordinar a actuación do Consello.

b) Exercer a representación do Consello.

c) Acordar a convocatoria das reunións do Consello.

d) Visar a resolución que declare a representatividade das asociacións profesionais de traballadores autónomos, así como dar traslado dela á persoa titular da Secretaría de Estado de Emprego para a súa comunicación.

e) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes ao exercicio da Presidencia.

3. Á Secretaría do Consello corresponderalle:

a) Efectuar a convocatoria das reunións do Consello.

b) Solicitar e recibir a documentación e información a que se refiren as letras b) e c) do artigo 3. 2.

c) Preparar a redacción da resolución na que se declare a condición de asociación profesional representativa.

4. O Consello da representatividade das asociacións profesionais de traballadores autónomos reunirse con carácter ordinario cando así o estableza a convocatoria que se regula no artigo 8, e excepcionalmente poderá reunirse por petición da Presidencia do Consello, por instancia de, polo menos, tres das cinco persoas que o compoñen.

Artigo 5. Duración do mandato.

A duración máxima do mandato das persoas que compoñen o Consello será de catro anos a partir da data da convocatoria que se regula no artigo 8.

Artigo 6. Renovación do Consello e cesamento dos seus integrantes.

A renovación do Consello realizarase de conformidade coa duración do mandato establecida no artigo 5 e de acordo co procedemento disposto no artigo 2.

Ademais da finalización do mandato, a renuncia e a perda dos requisitos que determinaron o nomeamento comportarán o seu cesamento, procedéndose a este e á súa renovación segundo o fixado no artigo 2.

Artigo 7. Procedemento.

1. O Consello ditará resolución que declare a condición de representativa das asociacións profesionais de traballadores autónomos conforme a convocatoria que se regulará de conformidade co artigo 8.

2. De conformidade co artigo 21.3 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, a resolución definitiva a que se refire o número anterior deste artigo esgota a vía administrativa, e será directamente impugnabile ante a xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo do establecido nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, para o recurso potestativo de reposición.

Artigo 8. Convocatoria pública para a determinación da representatividade das asociacións de traballadores autónomos.

Con carácter cuadrienal publicarase mediante orde ministerial a convocatoria que determine as seguintes cuestións referentes ao procedemento de declaración de representatividade das asociacións profesionais de traballadores autónomos, de acordo co disposto no artigo 7:

- a) Os requisitos de admisibilidade das solicitudes das asociacións profesionais de traballadores autónomos.
- b) Prazo da presentación das solicitudes e documentación que se debe achegar das asociacións profesionais de traballadores autónomos.
- c) Órgano competente na recepción das solicitudes das asociacións profesionais de traballadores autónomos.
- d) Prazo máximo para resolver e efectos da falta de resolución expresa e prazo para notificar a resolución do Consello da representatividade e efectos da falta de resolución expresa.
- e) Desenvolvemento complementario dos criterios obxectivos establecidos no artigo 9 e de valoración fixados no artigo 10 para os efectos da resolución do Consello da representatividade.

Artigo 9. Criterios obxectivos de determinación da representatividade das asociacións profesionais de traballadores autónomos.

1. Co fin de que as asociacións profesionais de traballadores autónomos inscritas no Rexistro Estatal de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos acrediten a suficiente implantación, de conformidade co disposto no artigo 21.1 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, e para que o Consello de representatividade dite a resolución que declare a condición de asociacións profesionais representativas de traballadores autónomos, consideraranse os seguintes criterios obxectivos:

- a) Número de traballadoras e traballadores autónomos afiliados ás asociacións profesionais de traballadores autónomos e das súas federacións, confederacións e unións, achegando certificado acreditativo do número de afiliados, a súa distribución por provincias, comunidades autónomas e actividades económicas consonte a clasificación de segundo

nivel en divisións mediante código numérico de dúas cifras, segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009, aprobada polo Real decreto 475/2007, do 13 de abril.

Ademais do certificado acreditativo, achegarase unha listaxe individualizada de nomes, apelidos, NIF e domicilio, provincia, comunidade autónoma, e actividade económica dos afiliados, este último dato nos mesmos termos que no certificado.

b) Presenza, con sede permanente, en polo menos doce comunidades autónomas e en vinte e catro provincias das asociacións profesionais de traballadores autónomos e das federacións, confederacións e unións que teñan constituídas, por medio da acreditación dos títulos de propiedade, de alugamento ou cesión de sedes, coa dirección completa e teléfono.

Entenderase por sede permanente aquela que, de forma continuada no tempo, conte cos recursos humanos e materiais a que se fai referencia na letra d).

c) Número de asociacións profesionais de traballadores autónomos e/ou outras organizacións sindicais ou empresariais coas que se asinase un convenio ou acordo de colaboración e representación institucional permanente en materia de traballo autónomo. Para tal efecto achegarase certificado do número de traballadoras e traballadores autónomos afiliados a todas as asociacións e/ou organizacións, a súa distribución por comunidades autónomas e por provincias, e desagregación das actividades económicas desempeñadas.

d) Recursos humanos e materiais das asociacións profesionais de traballadores autónomos e das confederacións, federacións e unións que teñan constituídas, coa especificación dos domicilios sociais e número de traballadoras e traballadores que prestan servizos en todas elas.

Para os efectos da especificación dos recursos materiais, identificaranse con factura de compra ou documento acreditativo equivalente de todos os instrumentos necesarios para o desenvolvemento ordinario da actividade.

Para os efectos da especificación dos recursos humanos, e en virtude do disposto no artigo 52 do Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, teranse en conta os sistemas de documentación propios da Tesouraría Xeral da Seguridade Social vixentes na data da convocatoria, co fin de acreditar a alta na Seguridade Social das traballadoras e traballadores que presten servizos nas asociacións profesionais de traballadores autónomos, e nas súas confederacións, federacións e unións.

En todo caso, presentarase balance económico dos últimos catro exercicios para a valoración sobre os recursos humanos e materiais e o seu financiamento.

Poderase presentar informe de auditoría nos termos do artigo 10.1.d).

e) Actividades desenvolvidas polas asociacións profesionais de traballadores autónomos en materia de fomento do traballo autónomo, considerando, entre outras, as accións de formación e información e o número de traballadoras e traballadores autónomos formados e informados, as actuacións de prevención de riscos laborais, as actuacións de promoción e fomento da igualdade de oportunidades, de innovación e novas tecnoloxías, as accións de apoio e asesoramento, a participación en programas de desenvolvemento de traballo autónomo que se realicen por si mesmas ou en colaboración con fundacións, centros universitarios e asociacións privadas sen ánimo de lucro, e, en xeral, calquera outra actividade en beneficio das traballadoras e traballadores autónomos. Para poder acreditar tales actividades achegarase memoria técnica e descritiva das diversas accións desempeñadas nos últimos catro anos.

f) Acordos de interese profesional subscritos ao abeiro do disposto no artigo 13 da Lei 20/2007, do 11 de xullo.

2. No caso de asociacións profesionais de traballadores autónomos con carácter intersectorial, estas deberán acreditar que as traballadoras e traballadores autónomos afiliados pertencen, polo menos, a tres dos seguintes sectores: agricultura, industria, construción e servizos, acreditándose de acordo co establecido no número 1.a), con respecto á desagregación de actividades económicas dos afiliados.

Artigo 10. *Valoración dos criterios obxectivos da representatividade das asociacións de traballadores autónomos.*

1. Os criterios obxectivos establecidos no número 1 do artigo anterior serán valorados polo Consello de representatividade de acordo co seguinte baremo:

a) O criterio da letra a) valorarase en función do grao de afiliación, de modo que a asociación que obteña o maior número de traballadoras e traballadores autónomos afiliados será valorada con 9 puntos, a segunda valorarase con 8 puntos, a terceira con 7 puntos, e o resto de asociacións que acheguen o número de traballadoras e traballadores autónomos afiliados nos termos do artigo anterior obterán 5 puntos.

En relación ás asociacións profesionais de traballadores autónomos con carácter intersectorial, ademais do disposto no parágrafo anterior, terase en conta o maior nivel de distribución de afiliados nos sectores de actividade recollidos no artigo 9.2.

b) O cumprimento da letra b) valorarase con 3 puntos, aumentando ata 7 a asociación que obteña maior presenza con sedes permanentes, 6 puntos a segunda e 5 puntos a terceira.

c) O criterio da letra c) valorarase tanto sobre a base do número de convenios ou acordos subscritos como sobre o número de traballadoras e traballadores autónomos afiliados ás ditas asociacións profesionais, organizacións sindicais ou empresariais, outorgándose 4 puntos á asociación con maior valoración, 3 puntos á segunda asociación e 2 puntos á terceira; o resto de asociacións que cumpran o criterio obterán 1 punto.

d) O criterio da letra d) valorarase en función do carácter cuantitativo e cualitativo dos recursos humanos e materiais, de modo que a asociación que obteña o maior número de recursos relacionados cunha maior profesionalización destes se valorará con 5 puntos, a segunda asociación valorarase con 4 puntos, a terceira con 3 puntos e o resto de asociacións que acrediten os seus recursos humanos e materiais obterán 1 punto. A achega de informe de auditoría que incorpore na súa análise valoración sobre recursos humanos e materiais aumentará a puntuación adicionalmente cun máximo de 1 punto.

e) O criterio da letra e) valorarase en función do carácter cuantitativo e cualitativo das actividades desempeñadas, de modo que a asociación que desenvolva o maior número de actividades relacionadas cunha maior difusión das accións de fomento do traballo autónomo obterá 5 puntos, a segunda asociación 4 puntos, a terceira 3 puntos e o resto de asociacións que cumpran o criterio obterán 2 puntos.

f) O criterio da letra f) valorarase en función do carácter cuantitativo dos acordos de interese profesional subscritos, de modo que a asociación que subscriba acordos de interese profesional que afecten un maior número de traballadoras e traballadores autónomos economicamente dependentes se valorará con 3 puntos, a segunda asociación valorarase con 2 puntos, o resto de asociacións que cumpran o criterio obterán 1 punto.

2. A puntuación total determinará a orde de cada asociación profesional de traballadores autónomos na resolución de representatividade, que se levará a cabo en virtude da convocatoria que regula o seguinte artigo. As asociacións que obteñan, polo menos, 16 puntos na resolución obterán a declaración de asociación representativa de traballadores autónomos. En todo caso, será preceptivo que as asociacións obteñan puntuación nos criterios obxectivos previstos no artigo 9.1.a), b) e d).

CAPÍTULO II

Do Consello do Traballo Autónomo

Artigo 11. *Natureza, funcións, ámbito e adscrición do Consello.*

1. O Consello do Traballo Autónomo a que se refire o artigo 22 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, é un órgano de natureza colexiada e de carácter consultivo, que ten por finalidade asesorar o Goberno en materia socioeconómica e profesional do traballo autónomo,

mediante o desempeño das funcións que ten legalmente asignadas no punto dous do citado precepto.

2. O Consello do Traballo Autónomo ten ámbito estatal e está adscrito ao Ministerio de Traballo e Inmigración a través da Secretaría de Estado de Emprego.

Artigo 12. *Composición e nomeamento.*

1. O Consello do Traballo Autónomo, de conformidade co disposto nos números 3 e 4 do artigo 22 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, estará composto por:

a) O presidente ou presidenta, que será a persoa titular da Secretaría de Estado de Emprego do Ministerio de Traballo e Inmigración, que poderá ser substituída en caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal pola persoa titular da Dirección Xeral da Economía Social, do Traballo Autónomo e da Responsabilidade Social das Empresas, que exercerá a Vicepresidencia do Consello.

b) Doce vogais en representación das asociacións profesionais representativas de traballadores autónomos de ámbito estatal e intersectorial.

c) Doce vogais en representación das organizacións empresariais máis representativas.

d) Doce vogais en representación das organizacións sindicais máis representativas.

e) Doce vogais en representación das administracións públicas, coa seguinte distribución: dous do Ministerio de Traballo e Inmigración; dous do Ministerio de Economía e Facenda, un do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, todos eles con titularidade dunha dirección xeral, cinco vogais en representación das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla, e dous vogais en representación da asociación de entidades locais máis representativa.

f) Un vogal en representación de cada un dos consellos do traballo autónomo de ámbito autonómico constituídos, de conformidade co parágrafo segundo do número 3 do artigo 22 da Lei 20/2007.

2. Cada vogal do Consello terá unha persoa suplente, que realizará a substitución en caso de causa de baixa legal xustificada e temporal no Consello. No caso dos representantes dos departamentos ministeriais, as persoas suplentes deberán ter rango, polo menos, de subdirector xeral.

3. A Secretaría do Consello residirá na persoa que teña a titularidade da Subdirección Xeral da Economía Social, do Traballo Autónomo e Responsabilidade Social das Empresas, que poderá dispor a asistencia de persoal funcionario de apoio, co obxecto de cumprir coas tarefas da Secretaría establecidas no artigo 17.

4. Os vogais do Consello e os seus suplentes son nomeados pola persoa titular do Ministerio de Traballo e Inmigración por proposta dos respectivos departamentos ministeriais, consellos autonómicos de traballo autónomo, asociacións representativas de traballadores autónomos, organizacións empresariais e sindicais máis representativas, órganos competentes das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla, segundo a orde rotatoria establecida anualmente na Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, e da asociación de entidades locais máis representativa. O seu cesamento producirase da mesma forma que o seu nomeamento.

5. A duración máxima do mandato dos vogais será de catro anos, salvo para os vogais en representación das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla, cuxo mandato será anual.

No suposto de que algún vogal cause baixa definitiva do Consello por falecemento, renuncia ou cesamento, realizarase un novo nomeamento segundo o procedemento establecido no número 4.

Artigo 13. *Constitución e funcionamento.*

O Consello entenderase constituído validamente para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e adopción de acordos, cando concorran dous terzos, polo menos,

dos seus compoñentes en primeira convocatoria e, en segunda convocatoria, concorrán a metade de compoñentes máis un. En calquera caso, requirirase a presenza das persoas que exerzan a Presidencia e a Secretaría do Consello, ou das persoas que os substitúan.

O Consello do Traballo Autónomo funcionará en Pleno, en Comisión Permanente e en grupos de traballo.

Artigo 14. *Pleno.*

O Pleno do Consello reunirse, polo menos, dúas veces ao ano en sesión ordinaria, e de forma extraordinaria cando así o acorde a Presidencia, por iniciativa propia ou por solicitude dun terzo dos seus integrantes. O Pleno do Consello poderá acordar o seu réxime de funcionamento e elaborará unha memoria anual de actividades e acordos adoptados que será elevada á persoa titular do Ministerio de Traballo e Inmigración.

Artigo 15. *Presidencia.*

Corresponde á persoa titular da Presidencia do Consello:

- a) Exercer a representación do Consello.
- b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias, establecendo, de ser o caso, o carácter de urxencia e a fixación da orde do día, tendo en conta as peticións do resto de compoñentes do Consello formuladas coa suficiente antelación e oídas as comisións permanentes.
- c) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
- d) Exercer o seu dereito ao voto de calidade.
- e) Asegurar o cumprimento das leis e a regularidade das deliberacións.
- f) Visar as actas e certificacións dos acordos do Consello.
- g) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición na Presidencia do Consello.

Artigo 16. *Vogais.*

Corresponde aos vogais do Consello:

- a) Ser convocados coa orde do día das reunións e dispor da información precisa sobre os asuntos incluídos neste, conforme o establecido no artigo 19.
- b) Asistir ás sesións e participar nos seus debates.
- c) Exercer o seu dereito ao voto e formular, se é o caso, o seu voto particular, así como expresar o sentido deste e os motivos que o xustifican.
- d) Formular e propor a inclusión de asuntos para tratar na orde do día, tanto nas sesións ordinarias como extraordinarias.
- e) Formular rogos e preguntas, cando proceda.
- f) O dereito á información necesaria para cumprir as funcións asignadas.
- g) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de vogal.

Artigo 17. *Secretaría.*

1. Corresponde á persoa titular da Secretaría do Consello:

- a) Asistir ás reunións do Consello, con voz pero sen voto.
- b) Efectuar a convocatoria das sesións do Consello, ordenada pola Presidencia, así como as citacións aos seus integrantes
- c) Recibir os actos de comunicación dos membros do Consello e, polo tanto, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera clase de escritos de que deba ter coñecemento o Consello.
- d) Preparar o despacho dos asuntos que deberá coñecer o Consello, así como redactar e autorizar as actas das sesións.
- e) Expedir certificacións das consultas, informes e acordos aprobados polo Consello.

- f) Custodiar a documentación do Consello.
- g) Cantas outras funcións sexan inherentes á Secretaría do Consello.

2. Nos casos de ausencia, vacante, enfermidade ou outras causas de imposibilidade de asistencia do secretario ou secretaria, a substitución realizarase pola persoa con condición de funcionario que dispoña a persoa titular da Dirección Xeral da Economía Social, do Traballo Autónomo e da Responsabilidade Social das Empresas.

3. A Secretaría facilitará aos integrantes do Consello información e asistencia técnica, para o mellor desenvolvemento das súas funcións.

Artigo 18. *Comisión Permanente.*

1. No seo do Consello, e como órgano permanente para o exercicio das súas funcións e labores relativos a asuntos de trámite, de preparación ou estudo, ou que lle sexan encomendados polo Consello, establécese a Comisión Permanente do Consello, que terá a seguinte composición:

a) Presidencia: integrada pola mesma persoa que ocupe ese cargo no Consello, que poderá ser substituída, en caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, por quen teña a titularidade da Dirección Xeral da Economía Social, do Traballo Autónomo e da Responsabilidade Social das Empresas, que, en todo caso, asistirá na súa condición de titular da Vicepresidencia.

b) Seis vogais en representación de cada un dos grupos b), c), d) e e) do artigo 12.1. No grupo establecido na alínea e), tres vogais serano dos departamentos ministeriais, dous das comunidades autónomas e un da entidade máis representativa de ámbito local.

c) Secretaría: desempeñada pola mesma persoa que sexa titular da Secretaría do Consello.

2. Os membros da Comisión Permanente serán nomeados, entre os vogais do Consello, polo presidente, por proposta de cada un dos grupos de representación a que se refire o artigo 12. O réxime de funcionamento da Comisión Permanente responderá ás mesmas regras que se establecen para o Pleno do Consello.

3. O Pleno do Consello poderá delegar na Comisión Permanente a realización de informes, propostas, consultas e estudos. A Comisión Permanente renderá contas con carácter periódico ao Pleno do Consello do desenvolvemento das accións encomendadas.

Artigo 19. *Convocatorias.*

1. As convocatorias efectuaranse por escrito, utilizando os medios idóneos para garantir a súa recepción. A comunicación de cada convocatoria deberá efectuarse cunha antelación mínima de quince días á data prevista para a celebración da sesión, salvo nos casos de urxencia, en que será de cinco días.

2. A convocatoria conterá o día, hora e lugar da reunión que se vaia celebrar, así como a orde do día, e irá acompañada da documentación necesaria para estudo previo ou indicará que consta na Secretaría á disposición dos integrantes do órgano.

3. Na mesma citación para a primeira convocatoria incluírase a da segunda, que será fixada, polo menos, media hora despois do momento sinalado para a primeira.

Artigo 20. *Orde do día.*

1. A orde do día das sesións ordinarias conterá a lectura e, de ser o caso, a aprobación da acta da sesión anterior, así como os asuntos que dispoña a Presidencia.

2. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes a maioría dos integrantes de cada un dos grupos e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría dos presentes.

3. A orde do día das sesións extraordinarias conterá exclusivamente os puntos que motiven a súa convocatoria.

Artigo 21. *Adopción de acordos. Acta do Consello.*

1. Os acordos do Consello serán adoptados por maioría de votos.
2. De cada sesión que celebre o Consello será elaborada a acta pola persoa que sexa titular da Secretaría, que especificará necesariamente a relación das persoas asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias de lugar e tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados e, de ser o caso, o resultado das votacións.

Os integrantes do Consello poderán solicitar que conste en acta o seu voto contra o acordo adoptado, a súa abstención motivada ou o sentido do seu voto favorable. Así mesmo, cando os integrantes discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito, no prazo de dous días desde a adopción do acordo, que se incorporará ao texto aprobado.

As actas serán redactadas e asinadas pola persoa titular da Secretaría, co visto e prace da persoa titular da Presidencia, e aprobaranse na seguinte sesión, xuntándose o correspondente texto da acta á convocatoria.

A persoa titular da Secretaría poderá emitir certificación sobre os acordos específicos que se adoptasen, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta. Quen acredite a titularidade dun interese lexítimo poderá dirixirse á persoa titular da Secretaría do Consello para que lle sexa expedida certificación dos seus acordos.

3. Calquera membro do Consello ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que achegue no acto ou no prazo que sinale a persoa titular da Presidencia o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndoo constar así na acta ou uníndose copia desta.

Artigo 22. *Grupos de traballo.*

Poderán constituírse no seo do Consello os grupos de traballo que acorde o seu Pleno para a realización de estudos ou propostas en temas que afecten os labores do Consello. Os grupos de traballo terán representación de cada un dos grupos b), c), d) e e) do artigo 12.1, e poderán solicitar, a través da Secretaría, canta información sexa precisa para o cumprimento das súas funcións.

Nos grupos de traballo, por proposta de cada grupo representado, poderán participar persoas expertas en materia de traballo autónomo, co fin de asesorar a realización dos labores do Consello.

Disposición adicional primeira. *Características do ficheiro de datos persoais das traballadoras e traballadores autónomos afiliados ás asociacións profesionais de traballadores autónomos de ámbito estatal concorrentes ao procedemento de declaración de representatividade.*

De conformidade co disposto no artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e o artigo 54 do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da devandita lei orgánica, créase o ficheiro de datos persoais das traballadoras e traballadores autónomos afiliados ás asociacións profesionais de traballadores autónomos de ámbito estatal concorrentes ao procedemento de declaración de representatividade, cuxas características se recollen a seguir:

Nome: Ficheiro de datos de autónomos afiliados a asociacións profesionais.

Servizos e unidades ante os cales se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación: Subdirección Xeral da Economía Social, do Traballo Autónomo e da Responsabilidade Social das Empresas.

Órgano da Administración responsable do ficheiro: Consello de representatividade das asociacións profesionais de traballadores autónomos.

Medidas de seguridade: nivel básico.

Sistema de tratamento: mixto.

Estrutura básica:

Datos identificativos das traballadoras e traballadores autónomos afiliados ás asociacións profesionais de traballadores autónomos de ámbito estatal que concorran a estes procedementos: nome, apelidos, NIF e domicilio, e a súa distribución por comunidades autónomas e por provincias, así como desagregación das actividades realizadas por estes segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009, aprobada polo Real decreto 475/2007, do 13 de abril.

Descrición da finalidade do ficheiro e usos previstos:

Consideración por parte do Consello de representatividade do grao de afiliación das asociacións profesionais de traballadores autónomos de ámbito estatal para que dite a resolución que declare a condición de representativas, sobre a base do regulado no artigo 21.1 e 2 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, desenvolvido polo artigo 9.1.a) deste real decreto.

Persoas ou colectivos sobre os cales se obteñan datos ou estean obrigados a subministralos: obtención de datos de traballadoras e traballadores autónomos afiliados ás asociacións profesionais de traballadores autónomos de ámbito estatal que concorran ao procedemento de declaración de representatividade.

Procedemento de recollida dos datos:

As asociacións profesionais de traballadores autónomos de ámbito estatal concurrentes no procedemento de declaración de representatividade achegarán as listaxes cos datos das traballadoras e traballadores autónomos afiliados a estas sobre a base dos requisitos que desenvolvan as convocatorias anuais mediante a orde ministerial correspondente.

Cesións de datos de carácter persoal previstas: administracións públicas en aplicación do principio de asistencia e cooperación do artigo 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como os órganos xudiciais cando así o requiran en exercicio das súas facultades.

Transferencias de datos de carácter persoal previstas: non se prevén.

Disposición adicional segunda. *Medios de funcionamento.*

O Ministerio de Traballo e Inmigración atenderá cos seus medios persoais e materiais á constitución e funcionamento do Consello da representatividade das asociacións profesionais de traballadores autónomos e do Consello do Traballo Autónomo. Os créditos necesarios para o funcionamento de ambos os Consellos consignaranse nos orzamentos do Ministerio de Traballo e Inmigración.

Disposición transitoria. *Nomeamento dos compoñentes do Consello de representatividade.*

Mentres non estea constituído o Consello de Traballo Autónomo, o nomeamento das persoas expertas de recoñecido prestixio do Consello de representatividade a que se refire o artigo 2.1 será por proposta da persoa titular da Secretaría de Estado de Emprego.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial e habilitación.*

Os artigos 7, 8, 9 e 10 deste real decreto dítanse de conformidade co disposto no artigo 149.1.18.^a da Constitución española, «bases do réxime xurídico das administracións públicas», e ao abeiro da habilitación que confire ao Goberno a disposición derradeira terceira do Estatuto do traballo autónomo.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento normativo.*

Autorízase a persoa titular do Ministerio de Traballo e Inmigración para ditar cantas normas sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de decembro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Trabajo e Inmigración,
VALERIANO GÓMEZ SÁNCHEZ